



III PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO

unqi IIII cebra O.L.L. C.xxxx.2008

Organiza:



Patrocina:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

A creación experimental e revisa os soportes tradicionais con novos discursos. Desde esa contemporaneidade e inscrito nunha tradición que fixo da radio canle de expresión e de indagación artística, preséntase o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, unha iniciativa que pretende promover a creación actual dun corpus dramático no formato do teatro radiofónico.

O Diario Cultural da Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte, organizan a terceira edición dun premio que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico. Non se trata tanto de recuperar as fórmulas convencionais do radioteatro como de estimular a creación de pezas dramáticas contemporáneas e facilitar unha plataforma de creación aberta ás novas linguaxes artísticas na radio.

As obras seleccionadas polo xurado emitíranse na Radio Galega e editarase un libro-CD cos textos finalistas. Outórganse os Premios do Xurado e da Audiencia, dotados cada un deles con 3.000 euros.

Bases:

- 1 Poderán participar todos os escritores e escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa CRTVG e con calquera das sociedades que comprende (TVG e RG).
- 2 Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións. Deberán estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes.
- 3 Os traballos adoptarán o formato de guiión radiofónico dramático. Estarán calculados para que a súa duración en antena non sexa inferior a quince minutos nin exceda os vinte minutos. As obras terán un elenco de cinco personaxes como máximo. Os autores poderán utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etc. O director das dramatizacións radiofónicas poderá facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión.
- 4 Non se admitirán máis de dous guiións por autor/a e de cada obra presentaranse orixinal e catro fotocopias. Os autores/as concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo:
Radio Galega, Diario Cultural
"III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico"
San Marcos. 15820 Santiago de Compostela
Conservaranse durante un mes a partir da data na que se faga pública a resolución do xurado e logo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores/as.
O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e **rematará o día 31 de decembro de 2008.**
- 5 Os argumentos das obras serán de temática libre.
- 6 O xurado estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega. O xurado valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico.
- 7 Os autores/as comprométese a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como á súa edición en libro e CD. Para tal fin, os autores/as premiados e finalistas entenderán cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto.
Os autores/as que o desexen poderán enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de CD. As gravacións non serán tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo CDG.
- 8 O xurado escollerá entre as obras presentadas un premio único dotado con 3.000 euros e catro finalistas como máximo. As obras seleccionadas emitíranse pola Radio Galega, e a audiencia escollerá por votación entre as emitidas a obra que obterá o Premio do Público, dotado con 3.000 euros. O xurado reserva para si a facultade de declarar deserto o premio convocado.
- 9 Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.
- 10 O feito de concursar supón a aceptación destas bases.